

## RESOLUCIÓN

### **Contrato administrativo de "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CARBALLO" (SER 03/2022). Servizos mínimos durante a folga convocada para o 13 de agosto de 2025.**

**Primeiro.-** Mediante comunicación de data 11/08/2025 (R. E. núm. 202599900005284) a Fundación para el Estudio y la Promoción de la Acción Social (FEPAS), CIF G83273284, na súa condición de adxudataria do contrato de referencia, fai costar que tivo coñecemento de xeito oficial de que el sindicato CIG-Servizos convocou para o próximo 13 de agosto de 2025, una folga que afectará a todas as persoas traballadoras dispostas nos servizos de axuda no fogar de Galicia.

**Segundo.-** Con data 11/08/2025 emítise informe por Mar Barca Gómez, traballadora social con n.º colexiada 1144 e Xefa accidental dos Servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Carballo, no que propón que os servizos mínimos se establezan atendendo á situación e circunstancias das persoas usuarias do SAF, especialmente a súa vulnerabilidade. Para a cobertura mínima durante a folga, deberán priorizarse as funcións directamente relacionadas coa atención persoal nas actividades básicas da vida diaria, de acordo co recollido no artigo 23.a) da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

### **Consideracións xurídicas.-**

**I.** A Constitución Española reconece no artigo 28.2 o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, dispoñendo que a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade, do que se deduce que o dereito de folga non é absoluto e incondicional, estando suxeito a limitacións en función do ben común e do respecto ao dereito dos demais e así a Constitución permite que, por medio dunha lei, se establezan en caso de folga as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Ao non terse producido o desenvolvemento legal esixido polo artigo da Constitución antes citado, resulta de aplicación o disposto no artigo 10.2 do Real Decreto Lei 17/1977, do 4 de marzo, segundo o que "cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran as circunstancias de especial gravidade, a Autoridade gobernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos"

No eido local, enténdese por autoridade gobernativa os Alcaldes respecto dos servizos municipais (sentenza do TS do 10 de maio de 1986). Segundo a sentenza do TC do 5 de maio de 1986, entre outras, é posible delegar na dirección da empresa a designación dos concretos traballadores pero non a fixación dos servizos mínimos.

En todo caso, os decretos haberán de estar motivados e deberán ser comunicados aos representantes dos traballadores, previa á súa aplicación (sentenza do TC do 24 de abril de 1986), esgótanse nunha soa folga e non son de duración indefinida.

**II.** O Servizo de Axuda no Fogar está considerado como un servizo esencial para a comunidade dado que facilita o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria a aquelas persoas con limitacións de autonomía persoal, fomentando a súa permanencia no entorno, evitando situacións de desarraigo.

Por iso o Concello de Carballo deberá garantir os servizos esenciais durante a folga do día 13 de agosto, mediante a fixación de servizos mínimos.

O Servizo de Axuda no Fogar é de titularidade pública, e a súa organización é competencia das Corporacións Locais de Galicia, que poden xestionalo de forma directa ou indirecta ao amparo da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG), nas que a prestación dos servizos sociais se inclúe dentro das competencias propias dos municipios, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma. A Lei 13/2008 establece tamén nos artigos 18 e 20 que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo esencial dentro do catálogo de prestacións dos servizos sociais, resultando primordial definir uns servizos mínimos ante unha folga indefinida, que permitan equilibrar o exercicio do dereito de folga coa protección dos dereitos legalmente recoñecidos das persoas usuarias.

**III.** Resulta preciso que se estableza un xusto equilibrio entre o exercicio do dereito de folga e a protección doutros bens e dereitos constitucionalmente protexidos, entre os que se atopa o dereito á protección da saúde e a obriga que teñen os poderes públicos de promover o benestar das persoas con discapacidade, maiores e menores mediante un sistema de servizos sociais, tal como establécese, respectivamente, nos artigos 43, 49 e 50 da Constitución española e dentro do ámbito competencial recoñecido aos Concellos sobre os servizos comunitarios básicos e a xestión do servizo de axuda no fogar por parte dos artigos 10 e 11 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

Na determinación dos servizos mínimos debe manexarse un criterio restritivo acorde cos pronunciamentos xurisprudenciais sobre a interpretación que debe darse á limitación do dereito á folga en relación co dereito á saúde e á vida, cumprindo, en consecuencia, co principio de razoable proporcionalidade entre os sacrificios que han de padecer as persoas usuarias ou destinatarias dos devanditos servizos esenciais e os que se impoñen aos folguistas, de tal maneira que a perturbación do interese das persoas usuarias pola folga debe selo só ata extremos razoables.

Á vista do anterior, e de acordo coas atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía **RESOLVE:**

#### **Primeiro: Servizos mínimos.**

Os servizos mínimos realizaranse atendendo ás circunstancias das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, especialmente a súa vulnerabilidade, entendendo que para a cobertura mínima de atención dunha situación de folga habería que priorizar as funcións que se desenvolven para que quede garantida a cobertura dos servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria de acordo co recollido no artigo 23 a. da lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Determinar que os servizos mínimos respecto ao persoal que presta o servizo de axuda no fogar durante a folga convocada son os seguintes:

#### **Servizos específicos garantidos:**

1. **Realizaranse os servizos de almuerzo, comida e cea.** A realización destes servizos estará condicionada a que na súa preparación se empregue o menor tempo, debendo recorrer, na medida do posible, a alimentos precociñados ou de previa preparación.
2. **Realizaranse os servizos de hixiene persoal diaria, uso de WC, no seu caso, eliminación vesical e intestinal, de axuda para erguerse e deitarse, para vestirse, de supervisión de toma de medicación e de alimentos.**

3. **Realizaranse labores de acompañamento a aquelas persoas usuarias para acudir a centros sanitarios cuxa cita fora concertada previamente e non poida ser postergada.**

**Segundo: Cadro de efectivos mínimos.**

**2.1. Dotación xeral:**

- **30% do persoal auxiliar da dotación ordinaria.** As persoas usuarias do servizo o día da citada folga, serán 83 grandes dependentes, ademáis de outras persoas usuarias que non estando valoradas como grao 3, precisan os servizos por necesidades básicas da vida diaria.
- Podendo ampliarse ata o 40% do persoal auxiliar en casos xustificados:
  - Cando existan usuarios/as con necesidades especiais de atención persoal que requiran asistencia continua para actividades básicas da vida diaria
  - Situacións de emerxencia social ou sanitaria que requiran atención inmediata.

A fixación deste cadro de efectivos (30-40%) atende aos seguintes criterios técnicos:

1. Garantía da prestación esencial: Asegurar a cobertura das necesidades básicas de supervivencia e saúde das persoas usuarias
2. Proporcionalidade: Manter o equilibrio entre o dereito á folga e a protección de persoas vulnerables
3. Eficiencia organizativa: Optimizar recursos sen comprometer a calidade do servizo esencial
4. Criterio xurisprudencial: Seguir os parámetros establecidos polo TSXG en resolucións anteriores sobre servizos mínimos.

**Principios reitores**

A aplicación destes servizos mínimos rexerase polos seguintes principios:

1. Proporcionalidade: só se cubrirán as atencións imprescindibles para garantir vida, saúde e integridade das persoas dependentes.
2. Non menoscabo do dereito á folga: a prestación destes servizos mínimos non poderá interpretarse como renuncia ao dereito de folga nin empregarse para sancionar, discriminar ou menoscabar condicións laborais do persoal.
3. Transparencia e motivación: a designación do persoal realizarase con criterios obxectivos, evitando represalias polo exercicio da folga.

**Terceiro:** Autorizar que algúns dos horarios se poidan modificar para poder organizar os servizos mínimos e poder realizar unha prestación axeitada do servizo.

**Cuarto:** Corresponde á empresa, coa participación do comité de folga, a facultade de designar as persoas traballadoras que deban efectuar os servizos mínimos, velar polo cumprimento dos mesmos e a organización do traballo correspondente a cada unha delas.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/X998/000082  
Exp. 2025/G003/002416

O disposto non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñécelle ao persoal nesta situación nin tampouco sobre a tramitación e os efectos das peticións que a motiven.

**Quinto:** Dar traslado da presente Resolución á empresa que presta o servizo de axuda no fogar no Concello de Carballo (FEPAS) que deberá velar pola súa observancia designando ao persoal necesario para prestar os servizos mínimos que se establecen.

**Sexto:** Trasladar a presente resolución ao sindicato convocante da citada folga (CIG) e notificar a presente resolución a entidade FEPAS.

O presente decreto producirá efectos dende as 00:00 horas ata ás 23:59 do día 13 de agosto de 2025 e publicarase no Taboleiro de Anuncios Electrónico municipal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

1ª Tenente alcalde (Delegación por resolución n.º  
2084/2025 de 23 de Xullo, publicada no BOP n.º 143 de 30  
de xullo de 2025)

Maria Belén Lendoiro Esmorís

Secretaria

Marina Núñez Orjales